REUNIÓN DA COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de abril de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencias en Comisión

6737 (10/CPC-000008)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por petición propia, para informar sobre o labor de impulso dos grupos de acción local do sector pesqueiro e das súas actuacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

2.1 5381 (10/POC-000934)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para demandar do Goberno central o establecemento dun novo modelo de repartición de cotas de pesca baseado en criterios de mantemento da actividade e do emprego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017

2.2 5460 (10/POC-000946)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante, no concello de Ortigueira, as actuacións levadas a cabo por Portos de Galicia para a execución do proxecto de dragaxe presentado no ano 2013 e o prazo previsto, así como o investimento necesario para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017

2.3 5685 (10/POC-000988)
Grupo Parlamentario de En Marea
Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a incidencia que está a ter o modelo de repartición de cotas

individuais para os buques do cerco na plena utilización das posibilidades de pesca da xarda e a posición que vai adoptar a Xunta de Galicia para a súa substitución

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias	P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago	P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo	EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Enrique López Crespo	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
María Soraya Salorio Porral	P
Carmen Santos Queiruga	EM
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Daniel Vega Pérez	P

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencias en Comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 12.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 6737(10/CPC-000008)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por petición propia, para informar sobre o labor de impulso dos grupos de acción local do sector pesqueiro e das súas actuacións

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
16 MAR. 2017
Núm. 6737

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
16 MAR. 2017
SAÍDA
Num. 399

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para informar sobre **"a labor de impulso dos Grupos de Acción Local Pesqueiro (GALP) e das súas actuacións".**

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 12.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 5381(10/POC-000934)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para demandar do Goberno central o establecemento dun novo modelo de repartición de cotas de pesca baseado en criterios de mantemento da actividade e do emprego

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2017 10:55
Nº Rexistro: 5381
Data envio: 20/02/2017 10:55:30.092

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a coñecer as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para demandar do Estado un novo modelo de reparto baseado en criterios de mantemento da actividade e emprego.

Na primeira visita que realiza a Galiza o novo Secretario Xeral de Pesca do Goberno español, deixa totalmente desautorizada á Conselleira do Mar do Goberno galego, ao afirmar a existencia de problemas na xestión das cotas no Caladoiro Cantábrico Noroeste, especialmente grave para a flota galega. A Conselleira defendía con uñas e dentes o actual modelo individual de reparto baseado en supostos dereitos históricos e xustificaba a boa marcha do modelo individual co incremento das descargas e os bos prezos.

Un modelo baseado nos supostos dereitos históricos, que ofreceu un reparto beneficioso para as comunidades do Cantábrico en especies como a xarda pero tremendamente prexudicial para a flota galega e que no caso do cerco foi a propia Conselleira a que se encargo de dividir ao sector e rematar dicindo que os únicos que piden o cambio son os pertencentes a Acerga, o resto están cómodos coa actual situación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2017 10:55
Nº Rexistro: 5381
Data envio: 20/02/2017 10:55:30.092

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora resulta que López-Asenjo, non só detecta graves problemas de xestión, senón que descubre graves irregularidades no reconto de cota, de tal xeito que mentres á flota galega non lle chegou a cota ou foi sancionada por excederse e algún barco multado por capturar especies esgotadas, resulta que quedaron toneladas sen pescar. Este ano 6.000 toneladas de xurelo e 1.000 toneladas de xarda.

O grave da situación é que foi o propio Secretario Xeral quen realizou esta reflexión mentres a responsable de Mar de Galiza permanece coa boca pechada. Semella que o sector encontra maiores sensibilidades no Estado que na propia administración galega.

Pero non nos enganemos, en Madrid saben da gravidade do problema, pero no canto de cuestionar o actual modelo, fala de establecer mecanismos de solidariedade e diálogo, de forma que se poida lograr un aproveitamento óptimo do recurso. Mentres que por parte galega nada se ten avanzado. Esperemos que coa nova responsable da Dirección Xeral se vaian adoptando medidas como: unificar a cota galega, unificar as zonas de pesca galega ou establecer unha mesa de diálogo para realizar un plan de xestión conxunto da cota galega.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que medidas vai adoptar o Goberno galego para demandar do Estado un novo modelo de reparto baseado en criterios de mantemento da actividade e do emprego?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2017 10:55
Nº Rexistro: 5381
Data envio: 20/02/2017 10:55:30.092

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Considera razoábel que quedara cota sen consumir mentres a flota galega pasara apuros?

3.- Dado que o Secretario Xeral do Goberno español recoñece problemas de xestión das cotas para a flota galega, non lle parece que é momento de unificar criterios e enfrontar a modificación do actual modelo?

4.- Para cando medidas como aglutinar as zonas IXa e VIIIc ou a cota galega para facer unha xestión dende e para Galiza?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2017 10:48:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2017 10:55
Nº Rexistro: 5381
Data envio: 20/02/2017 10:55:30.092

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2017 10:48:14

Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2017 10:48:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2017 10:48:21

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2017 10:48:25

Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2017 10:48:28

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 12.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 5460(10/POC-000946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante, no concello de Ortigueira, as actuacións levadas a cabo por Portos de Galicia para a execución do proxecto de dragaxe presentado no ano 2013 e o prazo previsto, así como o investimento necesario para ese fin

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5460
Data envio: 21/02/2017 16:28:41.655

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A cantidade de area acumulada na dársena do porto de Espasante no concello de Ortigueira, aumenta ano tras ano o que supón un perigo para os barcos pesqueiros e lanchas de recreo.

Dende Portos de Galicia xa se realizaron diversas tomas de mostras do material a dragar, para analizalo e coñecer as súas características, e en función diso decidir onde se pode verter, trala conclusión, trátase dun material areoso de boa calidade.

En xullo de 2013 o presidente de Portos de Galicia, presentou un proxecto de dragado explicando a que superficie afectaría, e a cantidade de area que sería retirada ata acadar un calado de 2 metros, comprometéndose a iniciar as obras na primavera do 2014, pero en maio de 2014 confirmouse o atraso pola necesidade de facer un estudio arqueolóxico do castro de Punta dos Prados.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante?

2ª) Fixo Portos de Galicia o estudio arqueolóxico do castro de Punta dos Prados, se for o caso, cales foron as conclusións do dito estudo?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5460
Data envio: 21/02/2017 16:28:41.655

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Ten o Goberno galego previsto algún prazo para desenvolver o proxecto do dragado do porto de Espasante?

4ª) Ten Portos de Galicia feito o estudio de xestión do material, é dicir, onde se vai depositar ou se hai posibilidades de darlle algún uso?

5ª) Cal vai ser o investimento do proxecto de dragado do porto de Espasante?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/02/2017 12:54:59

María Dolores Toja Suárez na data 21/02/2017 12:55:10

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2017 12:55:23

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 12.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 5685(10/POC-000988)

Grupo Parlamentario de En Marea

Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a incidencia que está a ter o modelo de repartición de cotas individuais para os buques do cerco na plena utilización das posibilidades de pesca da xarda e a posición que vai adoptar a Xunta de Galicia para a súa substitución

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:08
Nº Rexistro: 5685
Data envio: 27/02/2017 10:08:07.683

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan José Merlo Lorenzo, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª.**

O Secretario Xeral de Pesca, Alberto López-Asenjo, afirmou que durante o ano pasado a frota non esgotou as cotas outorgadas pola Comisión Europea, precisando que quedaron sen pescar 1.000 toneladas de xarda.

Pesca atribúeas aos buques do cerco con repartición individual en Galicia, modelo defendido pola Xunta e que están agrupados maioritariamente ao redor da Asociación Cerqueiros Galegos, pero tamén aos das outras comunidades.

Segundo o Secretario Xeral de Pesca, o cerco do Cantábrico pescou o 87% da cota e en total, entre todas as comunidades, deixaron sen pescar ao redor dun 10% da mesma.

A Secretaría de Pesca defende deseñar en Galicia, Asturias, País Vasco e Cantabria métodos que permitan a plena utilización de cotas para evitar a contradición ante Bruxelas por pedir continuos incrementos de cotas sen terminar as posibilidades de pesca do ano anterior. Os cerqueiros asturianos, os únicos que non incorreron nisto, xestionan as súas cotas conxuntamente, como os buques de Acerga en Galicia.

Isto vén a amosar o ineficaz e inxusto do sistema de reparticións de cotas individuais que defendeu a Xunta con máis de 455.100 toneladas, que deixou sen cota aos que traballan cooperativamente, tal como se recomenda desde a Secretaría de Pesca, mentres se desperdiciaban 1000 toneladas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:08
Nº Rexistro: 5685
Data envio: 27/02/2017 10:08:07.683

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

1.ª) Como se xustifica desde a Consellería de Pesca, como defensora da repartición de cotas individuais, que isto ocorra cando se está dicindo que a cota é insuficiente e se está pedindo aumento da mesma?

2.ª) Que postura vai tomar a Xunta, a partir de agora, para substituír este modelo inxusto e ineficiente?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 27/02/2017 10:06:44